



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/001947

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (4ª modificación Plan Anual Normativo 2022)**

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Por resolución de alcaldía núm. 367/2022, do 18 de marzo, aprobouse o plan anual normativo 2022 do Concello de Sada.

Resulta necesario proceder, á modificación puntual do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Sada.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

### **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación puntual do plan anual normativo 2022 do Concello de Sada, aprobado por resolución de alcaldía número núm. 367/2022, do 18 de marzo e introducir como regulamento a modificar o ROM.

Segundo.- Publicar a presente modificación xunto co Plan anual normativo 2022 do Concello de Sada no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

---

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).